




Radiografía trimestral do mercado laboral galego

Elaborado polo Gabinete Económico e coordinado pola Secretaría de Emprego

Xaneiro de 2018



ÍNDICE

Presentación	5
Enquisa de Poboación Activa (EPA)	7
Afiliación á Seguridade Social	15
Contratos rexistrados	19
Rotación laboral	23
Paro rexistrado	25
Expedientes de regulación de emprego.....	29
Protección por desemprego	33
Conclusiones	39

O ano 2017 non foi bo en termos de emprego para Galicia. A pesar das positivas avaliacións do Goberno galego, só se crearon 6000 empregos, o que quere dicir que a redución do desemprego en 22.000 persoas foi principalmente á custa da perda de 15.900 activas e activos. É dicir, o noso mercado laboral encóllese.

Crease emprego, si, pero é de baixísima calidade como tamén o son os contratos: a precariedade é a norma na contratación e a xornada parcial segue sendo involuntaria para a maioría das persoas obrigadas a aceptala ante a imposibilidade de atopar un traballo a tempo completo.

A protección por desemprego atópase en mínimos e a maior parte é de tipo asistencial cando aínda hai máis de 180.000 galegos e galegas no desemprego. O elevado grao de pobreza aumentou durante a recesión e permanece en niveis previos á crise: en 66.100 fogares todos os seus membros activos están en desemprego e hai 32.600 onde non entra ningún tipo de ingreso a finais de 2017.

O PIB sitúase en valores previos a crise, pero a creación de emprego, por riba, retárase. A recuperación está sendo moi desigual e á custa dunhas condicións laborais precarias e uns salarios desvalorizados como consecuencia da reforma laboral.

A Xunta segue apostando por un modelo de crecemento asentado en actividades de baixo valor engadido; pola contra, teñen un peso limitado a industria, os servizos públicos e os sectores de intensidade tecnolóxica media e alta.

É dicir, temos un mercado laboral enfermo que se encolle ante a falta de perspectivas de emprego e uns sectores produtivos abandonados á súa sorte. Un cóctel que fai que Galicia non sexa un lugar atractivo para desenvolver un proxecto de vida digna.

En CCOO pensamos que é posible mudar as cousas pero primeiro hai que coñecer a realidade sobre a que actuar. Este documento presenta esa realidade; despois cómpre facer propostas para superala.

Nesa dirección, nós defendemos cambios no modelo produtivo que xeren e consoliden emprego de calidade e con dereitos, que freen a precariedade e a desigualdade. Apostamos por potenciar a negociación colectiva, pola mellora sostida dos salarios e por unha reforma fiscal progresiva que permita recuperar o investimento produtivo e aumentar os niveis de protección social, especialmente das persoas que padecen as consecuencias negativas da crise.

Maica BOUZA SEOANE
Secretaría de Emprego

Poboación ocupada

Nos tres últimos anos creouse emprego en Galicia e o número de persoas ocupadas chegou a 1.055.800 no cuarto trimestre de 2017 (o 88% das que había nove anos antes). Porén, a recuperación do emprego é insuficiente porque na nosa comunidade aínda hai 140.600 persoas menos traballando ca no 2008, das cales 107.900 son homes, e a taxa de ocupación segue sendo inferior (45,2% no cuarto trimestre de 2017 e 49,7% nove anos antes).

A creación de emprego estase desacelerando moito. A poboación ocupada aumentou en 32.100 persoas no cuarto trimestre de 2015 en relación co mesmo trimestre do ano anterior; no 2016 fíxoo en 17.100 persoas e no 2017 en só 6.200. (táboa 1).

TÁBOA 1. POBOACIÓN OCUPADA

IV trimestre	Poboación ocupada	Variación absoluta	Variación relativa
2008	1.196.400	—	—
2009	1.142.200	-54.200	-4,53 %
2010	1.097.000	-45.200	-3,96 %
2011	1.080.400	-16.600	-1,51 %
2012	1.033.800	-46.600	-4,31 %
2013	1.002.600	-31.200	-3,02 %
2014	1.000.400	-2.200	-0,22 %
2015	1.032.500	+32.100	+3,21 %
2016	1.049.600	+17.100	+1,66 %
2017	1.055.800	+6.200	+0,59 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Galicia segue creando menos emprego que a media estatal: a poboación ocupada medraba a unha taxa anual do 0,59% no cuarto trimestre de 2017 e na media do Estado facíao un 2,65%.

A poboación ocupada remontou ata alcanzar valores superiores aos de hai cinco anos pero a recuperación deixa á marxe un significativo número de persoas.

Por sexos, aos homes quédalles máis percorrido para situárense nos niveis de ocupación de hai nove anos porque foron os máis danados mentres se destruíu emprego e tamén agora que se está creando. Dito doutro xeito, recupérase máis emprego nas mulleres ca nos homes (en relación co cuarto trimestre de 2012, hai 15.900 ocupadas máis fronte a 6.000 ocupados máis); de feito, no último ano só aumentou a ocupación feminina (8.600 ocupadas máis fronte a 2.500 ocupados menos).

Con todo, segue habendo menos ocupadas ca ocupados. A taxa de ocupación (porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos) das mulleres no

cuarto trimestre de 2017 era 8 puntos porcentuais inferior á dos homes (41,4% fronte a 49,4%).

TÁBOA 2. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS

IV trimestre	Homes	Mulleres	Total
2012	545.600	488.200	1.033.800
2013	523.600	479.000	1.002.600
2014	525.700	474.700	1.000.400
2015	544.400	488.100	1.032.500
2016	554.100	495.500	1.049.600
2017	551.600	504.100	1.055.800

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

A recuperación de emprego tampouco chega á xente nova. A poboación ocupada menor de 30 anos baixou en 19.900 persoas en comparación co cuarto trimestre de 2012 (-14,5%) e en 3.400 no último ano (-2,8%).

En consecuencia, o envellecemento da poboación ocupada agrávase. No cuarto trimestre de 2017, o 11,1% de persoas ocupadas eran menores de 30 anos (13,3% hai cinco anos), o 41,9% tiñan entre 30 e 44 anos (44,2% hai cinco anos), o 28,8% entre 45 e 54 anos (26,0% no 2012) e o restante 18,2% tiña 55 ou máis anos (16,5% no 2012).

Os sectores que están creando emprego son, mormente, os servizos e a industria. En comparación co cuarto trimestre de 2012, a ocupación só subiu nos servizos (+3,2%) e na industria (+8,3%), mentres que baixou na construción (-12,6%) e no primario (-6,4%). A poboación ocupada no sector primario diminuíu en 4.100 persoas no último ano e na construción xa leva descendendo dous anos seguidos (no cuarto trimestre de 2017 había 9.600 persoas ocupadas menos ca no 2015).

TÁBOA 3. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR

IV trimestre	Primario	Industria	Construción	Servizos	Total
2012	78.300	160.000	75.200	720.300	1.033.800
2013	73.200	152.100	67.100	710.300	1.002.600
2014	63.300	155.400	67.600	714.100	1.000.400
2015	65.600	159.300	75.300	732.400	1.032.500
2016	77.400	165.500	70.200	736.500	1.049.600
2017	73.300	173.300	65.700	743.500	1.055.800

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Con respecto a hai cinco anos, as ramas de actividade en que máis aumentou en proporción a poboación ocupada son as seguintes: industrias extractivas (+55,0%); actividades sanitarias e de servizos sociais (+22,0%), hostalaría (+10,8%) e actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (+9,2%). Entre as ramas que

máis emprego perderon, destacan a construción (-12,6%) e a enerxía, subministración de auga e xestión de residuos (-11,2%).

TÁBOA 4. POBOACIÓN OCUPADA POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Ramas de actividade	IV trim. 2017	IV trim. 2012
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	54.700	59.800
Pesca e acuicultura	18.500	18.500
Industrias extractivas	6.200	4.000
Industrias manufactureiras	156.800	144.400
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	10.300	11.600
Construción	65.700	75.200
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación vehículos de motor e motocicletas	178.000	185.100
Transporte e almacenamento	46.700	45.600
Hostalería	72.600	65.500
Activ. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	133.700	122.400
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	74.700	73.400
Educación	68.400	68.100
Actividades sanitarias e de servizos sociais	93.800	76.900
Resto de servizos	75.800	83.300
Total	1.055.800	1.033.800

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

O emprego vaise recuperando pero á custa dunha elevada precariedade: hai moita xente traballando en xornada parcial involuntaria e a taxa de temporalidade non deixa de subir.

A taxa de ocupación a xornada parcial segue estando moi por riba da que había antes da reforma laboral do ano 2012. No cuarto trimestre de 2017, o 13,1% da poboación ocupada en Galicia tiña un contrato a tempo parcial. No período analizado (táboa 5), a porcentaxe máis alta de ocupacións a xornada parcial deuse nos anos 2013 e 2014 co 15%; desde aquela, diminuíu case dous puntos.

TÁBOA 5. TAXA DE OCUPACIÓN A TEMPO PARCIAL POR SEXOS

IV TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2012	6,3%	22,5%	14,0%
2013	6,5%	24,3%	15,0%
2014	7,3%	23,6%	15,0%
2015	6,1%	22,2%	13,7%
2016	6,2%	22,6%	14,0%
2017	5,1%	21,9%	13,1%

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Os datos de ocupación por tipo de xornada presentan unha diferenza por sexos moi acusada. Os empregos a tempo parcial ocúpanos maioritariamente mulleres: o 80% no cuarto trimestre de 2017. Nese mesmo trimestre, o 21,9% das traballadoras en Galicia tiña un contrato a tempo parcial fronte a 5,1% de traballadores.

Atendendo á idade, o colectivo de 16 a 29 é o máis representado na xornada parcial, cun 25,3% no cuarto trimestre de 2017 (o 13,1% no conxunto da poboación ocupada).

A xornada parcial é un espello da precariedade laboral pois, segundo o último dato dispoñible, no 58% dos casos non responde a un desexo dos traballadoras e traballadoras: só un 9% afirmou buscar ese tipo de xornada.

A creación de emprego por conta allea vai ligada a unha maior temporalidade. Tomando como referencia o cuarto trimestre (táboa 6), compróbase que a taxa de temporalidade (nº persoas asalariadas con contrato temporal/nº total de persoas asalariadas) sobe decontino nos últimos cinco anos analizados.

TÁBOA 6. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO

IV trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2012	793.500	611.500	182.000	22,9%
2013	778.300	602.900	175.400	22,5%
2014	786.100	596.400	189.600	24,1%
2015	812.300	605.200	207.100	25,5%
2016	825.200	605.200	220.000	26,7%
2017	838.900	614.200	224.600	26,8%

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

A poboación asalariada remontou ata 838.900 persoas no cuarto trimestre de 2017, son 45.400 máis traballando por conta allea ca no mesmo trimestre de 2012 (ano da aprobación da reforma laboral do PP). Porén, o avance da precariedade é evidente: medrou máis o emprego temporal ca o indefinido (42.600 persoas temporais máis ca no cuarto trimestre de 2012 fronte a 2.700 indefinidas máis) e a taxa de temporalidade subiu do 22,9% no cuarto trimestre de 2012 ao 26,8% cinco anos despois.

Ser muller e, sobre todo, ter menos de 30 anos son factores que van ligados a unha maior temporalidade.

A taxa de temporalidade feminina é case cinco puntos porcentuais máis alta ca a masculina: no cuarto trimestre de 2017 tiñan unha relación laboral temporal o 29,2% das asalariadas fronte ao 24,4% dos asalariados.

A idade é determinante —mesmo máis ca o sexo— á hora de asinar un contrato temporal. O colectivo máis castigado pola temporalidade é a mocidade: o 61,4% de menores de 30 anos que traballaban por conta allea no cuarto trimestre de 2017 tiñan un contrato temporal.

A falta de estabilidade laboral da xuventude atranca enormemente que desenvolva un proxecto de vida no noso país. Os datos falan por si sós: no cuarto trimestre de 2017, a taxa de temporalidade era do 26,8% de media en Galicia pero nas persoas de 25 a 29 anos alcanzaba o 56,5% e nas menores de 25 anos disparábase ata o 71,1%.

Polo tipo de sector (público ou privado), o traballo por conta allea no privado rexistra maior temporalidade ca no público (táboa 7). No cuarto trimestre de 2017, traballa no sector privado o 78% da poboación asalariada de Galicia e a súa taxa de temporalidade é do 27,3% fronte ao 24,9% no sector público. Desde o cuarto trimestre de 2012, a taxa de temporalidade subiu case 6 puntos porcentuais no sector público e algo máis de 3 no privado.

TÁBOA 7. TAXA DE TEMPORALIDADE PÚBLICA E PRIVADA

IV trimestre	Sector público	Sector privado
2012	19,1 %	24,1 %
2013	18,5 %	23,8 %
2014	19,1 %	25,6 %
2015	20,7 %	26,9 %
2016	24,5 %	27,3 %
2017	24,9 %	27,3 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Poboación parada

A poboación parada diminuíu seguido nos últimos catro anos ata quedar en 182.100 persoas no cuarto trimestre de 2017 (91.700 homes e 90.500 mulleres). Con todo, segue habendo 85.700 persoas desempregadas máis ca hai dez anos e a taxa de paro está no 14,7% (fronte ao 7,5% no cuarto trimestre de 2007).

Baixou máis o paro do que medrou o emprego, así que non todas as persoas que deixaron de figurar como paradas atoparon un posto de traballo. De feito, no último ano saíron das estatísticas do paro unhas 22.000 persoas (segundo a EPA) pero a poboación ocupada só aumentou en 6.200.

O 2017 rematou coa cifra máis baixa de paro dos últimos oito anos (tómase como referencia o cuarto trimestre) pero o paro de longa duración, ademais de volverse crónico, segue sendo avultadísimo e mantense por riba da cifra de 2010. O 47,5% das persoas paradas no cuarto trimestre de 2017 encadrábanse no paro de longa duración fronte ao 37,6% no 2010.

TÁBOA 8. POBOACIÓN PARADA

IV trimestre	Poboación parada	Paro de longa duración	(Paro longa durac./total poba. Parada)*100
2010	203.000	76.400	37,6 %
2011	239.800	106.500	44,4 %
2012	276.900	133.400	48,2 %
2013	280.900	147.600	52,5 %
2014	263.800	140.700	53,3 %
2015	222.700	118.100	53,0 %
2016	204.200	108.900	53,3 %
2017	182.100	86.500	47,5 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do EPA

Desde o cuarto trimestre de 2010, o total de persoas en paro baixou un 10,3% (20.900 menos) pero aumentou un 13,2% o das encadradas no paro de longa duración (10.100 máis de longa duración). Esa suba concentrouse nas persoas de 35 ou máis anos e, en maior proporción, no tramo que dos 45 aos 54 anos (+63,9%).

No cuarto trimestre de 2017, o 50% das persoas paradas de longa duración tiñan 45 ou máis anos, mentres que no 2010 supoñían o 35%.

TÁBOA 9. PARO DE LONGA DURACIÓN POR GRUPOS DE IDADE

	IV trimestre de 2017	IV trimestre de 2010
De 16 a 24 anos	5.900	8.200
De 25 a 34 anos	13.100	21.500
De 35 a 44 anos	24.400	19.500
De 45 a 54 anos	24.100	14.700
De 55 ou máis anos	19.100	12.400
Total	86.500	76.400

Fonte: elaboración propia sobre datos do EPA

No cuarto trimestre de 2017, o 80% as persoas paradas de longa duración levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo (en cifras absolutas, eran 69.000 persoas no paro de moi longa duración).

Poboación activa

A poboación activa retrocedeu moito no cuarto trimestre de 2017 tras permanecer case estancada no 2016 (no cuarto trimestre de 2016 só baixou un 0,1% con respecto ao mesmo trimestre de 2015).

Desde o cuarto trimestre de 2011 abandonaron o mercado laboral 82.300 persoas; desas, 15.900 fixérono no último ano. A caída da poboación activa está influíndo moito no descenso do paro; de feito, o 72% da redución do paro no último ano explícase por esa caída.

Pérdese máis poboación activa ca poboación de 16 ou máis anos; no último ano, a redución foi do 1,27% e do 0,55%, respectivamente.

TÁBOA 10. POBOACIÓN ACTIVA

IV trimestre	Poboación activa	Variac. absoluta	Variac. relativa
2010	1.300.100	—	—
2011	1.320.200	20.100	+1,55%
2012	1.310.700	-9.500	-0,72%
2013	1.283.500	-27.200	-2,08%
2014	1.264.300	-19.200	-1,50%
2015	1.255.200	-9.100	-0,72%
2016	1.253.800	-1.400	-0,11%
2017	1.237.900	-15.900	-1,27%

Fonte: elaboración propia sobre datos

A caída da poboación activa concéntrase sobre todo na xuventude. En relación co cuarto trimestre de 2011 —de aí en diante cae seguido a poboación activa— hai 149.300 persoas activas menos menores de 40 anos (-24,0%) fronte a 67.000 máis de 40 ou máis anos (+9,6%).

A taxa de actividade (porcentaxe do total de persoas activas sobre a poboación de 16 ou máis anos) é baixa de seu en Galicia e seguimos afastándonos da media estatal. Hai seis anos participaban activamente no mercado laboral galego o 54,9% das persoas de 16 ou máis anos (na media estatal, facían o 60,3%); no cuarto trimestre de 2017 representan o 53,0% (58,8% na media estatal). A taxa de actividade en Galicia baixou catro décimas no último ano.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

A afiliación á seguridade social, en termos anuais, aumenta decontino en Galicia desde maio de 2014; a finais de 2017 alcanzáronse 974.793 afiliacións, a cifra máis alta nun mes de decembro no período 2011-2017.

Porén, a creación de emprego fréase: en decembro do 2017, a afiliación á seguridade social medraba a unha taxa anual do 2,15% fronte ao 2,16% do anterior; ademais, segue avanzando menos en Galicia ca na media estatal.

A ocupación recupérase máis devagar que a actividade económica. A economía galega mantén taxas de variación interanual iguais ou superiores ao 3% desde o cuarto trimestre de 2015; restableceuse o valor do produto interior bruto que había antes da crise, pero a afiliación á seguridade social no supera a barreira do millón e aínda faltan por sumar unhas 97.000 afiliacións para alcanzar a ocupación de hai dez anos.

TÁBOA 11. AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL (ÚLTIMO DÍA DO MES)

Decembro	Galicia		España	
	Afiliacións	Variación anual	Afiliacións	Variación anual
2011	956.525	—	17.111.792	—
2012	918.564	-3,97 %	16.332.488	-4,55 %
2013	905.674	-1,40 %	16.258.042	-0,46 %
2014	915.656	1,10 %	16.651.884	2,42 %
2015	934.032	2,01 %	17.180.590	3,18 %
2016	954.240	2,16 %	17.741.897	3,27 %
2017	974.793	2,15 %	18.331.107	3,32 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

A afiliación á seguridade social remontou ata superar os valores que había a finais de 2011. Con todo, en comparación con ese período, só subiu nas mulleres (19.549 afiliacións máis fronte a 1.276 menos nos homes) e, por grupos de idade, no de 40 ou máis anos (unhas 78.300 afiliacións máis fronte a unhas 60.000 menos en menores de 40 anos).

Segue habendo menos ocupación para as mulleres e agrávase o envellecemento da poboación ocupada. A finais de decembro de 2017, elas representaban o 48,44% no total da afiliación á seguridade social (47,32% en decembro de 2011) e nos menores de 30 anos, o peso na ocupación baixaba ata o 11,71% (14,28% en decembro de 2011).

Por réximes, só o xeral rexistrou aumento de afiliación (inclúese o réxime especial agrario e o do fogar), mentres que no do mar e no de autónomos se perderon 2.433 e 4.533 afiliacións, respectivamente, desde decembro de 2011.

O único sector que creou emprego en comparación co mes de decembro de 2011 foi o dos servizos: 50.191 afiliacións máis á seguridade social. Se a finais de 2011 o 68% da afiliación se encadraba neste sector, seis anos despois a porcentaxe xa sobe ata o 72%.

Nos restantes sectores retrocedeu a afiliación. O máis castigado foi a construción (14.085 afiliacións menos ca en decembro de 2011), seguido do primario (8.351 afiliacións menos) e da industria (2.192 afiliacións menos).

Na táboa 12 desagrégase a cifra de afiliación á seguridade social do mes de decembro de 2017 por sexos, idade, réxime e sector económico. A modo de comparación tamén se recollen as cifras do mes de decembro de 2011.

TÁBOA 12. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL (ÚLTIMO DÍA DO MES)

Mes	Afiliacións		Variac. 2017/2011	% sobre total afiliación	
Decembro	2017	2011	%	2017	2011
Sexo					
Homes	502.627	503.903	-0,25 %	51,56 %	52,68 %
Mulleres	472.165	452.616	4,32 %	48,44 %	47,32 %
Non consta	1	6	-83,33 %	—	—
Ambos os sexos	974.793	956.525	1,91 %	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	114.161	136.634	-16,45 %	11,71 %	14,28 %
De 30 a 39 anos	247.528	285.075	-13,17 %	25,39 %	29,80 %
De 40 a 49 anos	302.021	263.156	14,77 %	30,98 %	27,51 %
De 50 a 59 anos	232.410	202.530	14,75 %	23,84 %	21,17 %
De 60 ou máis anos	78.673	69.130	13,80 %	8,07 %	7,23 %
Réximes					
Xeral (agás agrario e fogar)	708.935	691.142	2,57 %	72,73 %	72,26 %
Minería do carbón	0	4	-100,00 %	—	—
Agrario	4.989	4.715	5,81 %	0,51 %	0,49 %
Fogar	27.265	20.094	35,69 %	2,80 %	2,10 %
Autónomo	212.863	217.396	-2,09 %	21,84 %	22,73 %
Mar	20.741	23.174	-10,50 %	2,13 %	2,42 %
Sectores					
Agricultura e pesca	59.311	67.662	-12,34 %	6,08 %	7,07 %
Industria	137.614	139.806	-1,57 %	14,12 %	14,62 %
Construción	72.578	86.663	-16,25 %	7,45 %	9,06 %
Servizos	704.379	654.188	7,67 %	72,26 %	68,39 %
Non tipificados	911	8.206	-88,90 %	0,09 %	0,86 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

No sector dos servizos, as ramas que máis pularon da creación de emprego en cifras absolutas foron a «educación» (12.653 afiliacións máis ca en decembro de 2011); «actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico» (7.171 afiliacións máis); «servizos de comidas e bebidas» (6.876 afiliacións máis) e «actividades sanitarias» (5.079 afiliacións máis). Pola contra, a perda de emprego foi significativa en «servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións» (3.483 afiliacións menos ca a finais de 2011); «administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria»

(2.567 afiliacións menos); «actividades de aluguer» (1.660 afiliacións menos) e «reparación de ordenadores, efectos de persoais e artigos de uso doméstico» (1.291 menos).

Perfil das persoas afiliadas á seguridade social

A maioría de persoas afiliadas á seguridade social son homes (representan o 51,56% do total). O colectivo con máis peso na afiliación adoita ser o de persoas de 40 a 44 anos, pertencente ao réxime xeral (exclúese o agrario e fogar), encadradas nos servizos e, concretamente, na rama do comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (ver a táboa 13).

TÁBOA 13. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións á SS	Conceptos máis frecuentes	% sobre total	Dec. 2017
Sexo	Homes	51,56%	día 31
Grupo de idade	40 a 44 anos	16,19%	día 31
Réxime	Xeral (excluído agrario e fogar)	72,73%	día 31
Sector	Servizos	72,26%	día 31
Rama actividade	Comercio ao retallo, agás vehículos motor e motocic.	11,15%	día 31

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

No ano 2017 bateuse a marca de contratos. Con todo, a alta temporalidade segue condicionando a contratación. De 1.020.962 contratos rexistrados durante o ano 2017, o 92,09% foron temporais.

TÁBOA 14. CONTRATOS ACUMULADOS ATA DECEMBRO

Acumulados ata decembro	Total contratos	Indefinidos	Temporais	% temporais sobre total
2008	794.170	88.077	706.093	88,91%
2009	683.131	67.042	616.089	90,19%
2010	680.624	60.012	620.612	91,18%
2011	671.449	53.642	617.807	92,01%
2012	662.328	52.092	610.236	92,14%
2013	706.778	53.791	652.987	92,39%
2014	786.193	61.789	724.404	92,14%
2015	877.834	64.839	812.995	92,61%
2016	944.114	71.223	872.891	92,46%
2017	1.020.962	80.793	940.169	92,09%

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

As reformas laborais dos anos 2010 e 2012 resultaron inútiles para reducir a temporalidade. A porcentaxe de contratos temporais sobre o total da contratación non baixou do 92% nos últimos sete anos.

Como se pode comprobar cos datos da táboa 15, no 2017 rexistráronse 76.848 contratos máis ca no ano anterior (+8,14%) e, por sexos, o incremento foi algo maior nos homes: un 8,23% nos homes e un 8,04% nas mulleres. Seguen formalizándose máis contratos con homes ca con mulleres: o 52,32% dos contratos rexistrados no 2017 foron para homes (52,27% no 2016).

TÁBOA 15. CONTRATOS ACUMULADOS

Contratos acumulados	Ano 2017	Ano 2016
Tipo de contrato		
Indefinido (bonificado/non bonificado)	46.726	42.162
Indefinido persoas con discapacidade	685	575
Convertidos en indefinidos	33.382	28.486
Contratos indefinidos	80.793	71.223
Obra ou servizo	327.747	310.498
Eventual circunstancias da produción	498.981	440.925
Interinidade	89.554	93.611
Temporal persoas con discapacidade	1.451	1.310
Remuda	855	784
Xubilación parcial	1.814	1.556
Substitución xubilación 64 anos	13	23
Prácticas	6.029	6.134
Formación	3.189	3.550
Outros contratos	10.536	14.500
Contratos temporais	940.169	872.891
Total contratos	1.020.962	944.114
Sexo		
Homes	534.136	493.518
Mulleres	486.826	450.596

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

No último ano, en proporción, avanzou máis a contratación indefinida ca a temporal: +13,44 % fronte ao +7,71%. Pero seguen facéndose poucos contratos indefinidos: 80.793 no 2017 (só o 7,91% sobre o total da contratación); deles, o 30,94 % eran a tempo parcial (ver táboa 16).

TÁBOA 16. CONTRATOS INDEFINIDOS NO 2017 POR MODALIDADE E TIPO DE XORNADA

Acumulados ata decembro	X. completa	X. parcial	Fixo discontinuo	Total
Indefinido (bonif./non bonif.)	27.838	14.429	4.459	46.726
Indef. persoas con discapacidade	443	212	30	685
Convertidos en indefinidos	22.175	10.356	851	33.382
Contratos indefinidos	50.456	24.997	5.340	80.793

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Canto aos contratos temporais (téñase en conta que o SEPE non desagrega todas as modalidades de contratación por tipo de xornada), en 2017, aproximadamente o 37% foron a xornada parcial.

TÁBOA 17. CONTRATOS TEMPORAIS ACUMULADOS NO 2017 POR MODALIDADE E TIPO DE XORNADA

Acumulados ata decembro	X. completa	X. parcial	Total
Obra ou servizo	217.826	109.921	327.747
Eventual circunstancias da produción	289.767	209.214	498.981
Interinidade	61.003	28.551	89.554
Temporal persoas con discapacidade	888	563	1.451
Remuda	348	507	855
Xubilación parcial	—	—	1.814
Substitución xubilación 64 anos	—	—	13
Prácticas	4.650	1.379	6.029
Formación	—	—	3.189
Outros contratos	9.525	1.011	10.536
Total contratos	584.007	351.146	940.169

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Ata aquí utilizamos a clasificación dos contratos tendo en conta a localidade do centro de traballo; agora, como información complementaria, tómanse os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística sobre contratos iniciais segundo a duración do contrato e a residencia do traballador/a.

TÁBOA 18. CONTRATOS INICIAIS NO 2017 E 2016

Contratos iniciais	Ata decembro 2017	Ata decembro 2016
Indefinidos	49.584	45.247
Temporais	970.028	897.205
Menos de 1 semana	343.496	311.030
De 1 semana a 1 mes	108.903	99.414
De 1 a 6 meses	170.535	161.694
De 6 meses a 1 ano	23.102	19.231
Máis de 1 ano	3.791	3.079
Indeterminado	320.201	302.757
Total contratos iniciais	1.019.612	942.452

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

Segundo se deduce dos datos da táboa 18, o 35,41% dos contratos iniciais temporais rexistrados no 2017 tiñan unha duración inferior á semana fronte a unha porcentaxe do 34,67% no ano anterior.

Máis da metade dos contratos temporais iniciais de duración determinada limitábanse a unha semana (o 52,86% no 2017 e 52,32% no 2016).

Perfil das persoas contratadas

O pasado mes de decembro rexistráronse 71.531 contratos e máis da metade concerábanse con homes. Por grupos de idade, o 60,4% formalizáronse con persoas de entre 25 e 44 anos.

O sector con máis peso na contratación é, con diferenza, o dos servizos. O 92,50% dos contratos rexistrados ese mes son temporais e a modalidade máis utilizada é a eventual por circunstancias da produción.

TÁBOA 19. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NA CONTRATACIÓN

Contratos rexistrados	Conceptos máis frecuentes	% sobre o total	Data
Sexo	Home	50,6%	Decembro 2017
Grupo de idade	Entre 25 e 44 anos	60,4%	Decembro 2017
Sector	Servizos	78,0%	Decembro 2017
Tipo de contrato	Eventual circunstancias produción	51,3%	Decembro 2017

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

O índice de rotación laboral (cociente entre o total de contratos temporais e o número de persoas asalariadas temporais) reflicte que a alternancia entre as persoas con contratos eventuais é esaxerada e aumenta. No ano 2017, cada persoa asalariada temporal asinou de media 4,2 contratos, fronte a 2,5 nove anos antes.

TÁBOA 20. ÍNDICE DE ROTACIÓN LABORAL

Ano	Contratos temporais	Poboación asalariada temporal	Índice de rotación
2008	706.093	279.900	2,52
2009	616.089	238.200	2,59
2010	620.612	216.000	2,87
2011	617.807	208.700	2,96
2012	610.236	185.700	3,29
2013	652.987	176.700	3,70
2014	724.404	182.900	3,96
2015	812.995	203.500	4,00
2016	872.891	214.400	4,07
2017	940.169	223.300	4,21

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE e do IGE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

O ano 2017 pechou con 185.013 persoas desempregadas rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego; é a cifra máis baixa do período 2008-2017 nun mes de decembro.

En decembro de 2017, o descenso anual do paro rexistrado foi en proporción maior en Galicia ca na media estatal por cuarto ano consecutivo. Estes datos semellan positivos, pero persisten aspectos claramente negativos porque aínda hai unhas 30.000 persoas desempregadas máis ca en decembro de 2007 (+19,4 %).

Por sexos, segue habendo máis mulleres no paro: en decembro do 2017 son o 56 % das persoas desempregadas.

TÁBOA 21. PARO REXISTRADO POR SEXO

Decembro	Homes	Mulleres	Total	(Mulleres/Total paro rexistrado)*100
2007	59.090	95.892	154.982	62 %
2008	83.966	105.937	189.903	56 %
2009	103.487	119.352	222.839	54 %
2010	111.241	126.072	237.313	53 %
2011	125.775	132.459	258.234	51 %
2012	138.305	140.482	278.787	50 %
2013	132.967	138.096	271.063	51 %
2014	121.392	130.526	251.918	52 %
2015	106.824	121.984	228.808	53 %
2016	94.353	111.561	205.914	54 %
2017	81.498	103.515	185.013	56 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

A cifra de paro rexistrado é inferior á de hai nove anos. Con todo, na desagregación por grupos quinquenais de idade subiu a porcentaxe de persoas paradas de 40 ou máis anos, sobre todo no colectivo de 55 ou máis anos (estas representaban o 26,1 % do paro rexistrado en decembro de 2017 e o 18,3 % nove anos antes). Nas persoas menores de 40 anos, hai 31.648 paradas menos fronte a 26.758 máis de 40 ou máis anos.

Por sectores de actividade, o paro rexistrado no sector primario e nos servizos aínda está por riba do que había hai nove anos: un +20,4 % e +18,8 %, respectivamente. Só rexistraron baixada o colectivo sen emprego anterior, a construción e a industria.

Os servizos abranguen cada vez maior porcentaxe de paro rexistrado (o 66,2 % en decembro de 2017 fronte ao 54,3 % nove anos antes).

O paro de longa duración medrou moito: o pasado mes de decembro, o 45,8 % das persoas paradas levaban máis dun ano buscando emprego; nove anos antes estaba nesta situación o 31,9 % da poboación parada. En Galicia hai 24.153 persoas máis encadradas no paro de longa duración ca no mes de decembro de 2008 (+39,9 %).

Na táboa 22 desagregase o paro rexistrado do mes de decembro de 2017 por sexo, idade, sector económico e tempo de busca de emprego. A modo de comparación tamén se recollen as cifras do mes de decembro de 2008.

TÁBOA 22. PARO REXISTRADO POR SEXO, IDADE, SECTOR ECONÓMICO E TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO

Mes	Paro rexistrado		Variac. 2017/2008	% sobre total paro rexistrado	
	2017	2008	%	2017	2008
Decembro					
Sexo					
Homes	81.498	83.966	-2,94 %	44,05 %	44,22 %
Mulleres	103.515	105.937	-2,29 %	55,95 %	55,78 %
Ambos os sexos	185.013	189.903	-2,57 %	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	23.516	44.527	-47,19 %	12,71 %	23,45 %
De 30 a 44 anos	63.989	71.726	-10,79 %	34,59 %	37,77 %
De 45 a 54 anos	49.284	38.894	26,71 %	26,64 %	20,48 %
De 55 ou máis anos	48.224	34.756	38,75 %	26,07 %	18,30 %
Sectores					
Agricultura	6.992	5.806	20,43 %	3,78 %	3,06 %
Industria	21.944	30.255	-27,47 %	11,86 %	15,93 %
Construción	18.140	27.138	-33,16 %	9,80 %	14,29 %
Servizos	122.436	103.069	18,79 %	66,18 %	54,27 %
Sen emprego anterior	15.501	23.635	-34,42 %	8,38 %	12,45 %
Tempo busca emprego					
≤ 1 mes	20.079	26.956	-25,51 %	10,85 %	14,19 %
>1 mes ≤ 6 meses	56.819	74.794	-24,03 %	30,71 %	39,39 %
>6 meses ≤ 1 ano	23.374	27.565	-15,20 %	12,63 %	14,52 %
>1 ano	84.741	60.588	39,86 %	45,80 %	31,90 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

A caída da poboación activa está influíndo moito na mellora das estatísticas. De feito, a evolución do paro rexistrado e da afiliación á seguridade social non gardan unha relación proporcional.

Aínda que o paro rexistrado no mes de decembro de 2017 era inferior ao de hai nove anos, para alcanzar o nivel de ocupación que había daquela habería que recuperar unhas 66.100 afiliacións á seguridade social (tómase como referencia os datos da táboa 23).

A afiliación á seguridade social medrou no mes de decembro de 2017 por cuarto ano consecutivo pero o emprego creado ano tras ano (tanto en cifras absolutas como relativas) é menor ca o descenso do paro rexistrado.

TÁBOA 23. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO
E DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Decembro	Paro rexistrado		Afiliación á seguridade social	
	Parados/as	Variación anual	Afiliacións	Variación anual
2007	154.982	—	1.071.890	—
2008	189.903	22,53 %	1.040.899	-2,89 %
2009	222.839	17,34 %	1.008.719	-3,09 %
2010	237.313	6,50 %	987.713	-2,08 %
2011	258.234	8,82 %	956.525	-3,16 %
2012	278.787	7,96 %	918.564	-3,97 %
2013	271.063	-2,77 %	905.674	-1,40 %
2014	251.918	-7,06 %	915.656	1,10 %
2015	228.808	-9,17 %	934.032	2,01 %
2016	205.914	-10,01 %	954.240	2,16 %
2017	185.013	-10,15 %	974.793	2,15 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

Perfil das persoas paradas

A maioría das persoas paradas inscritas nas oficinas dos servizos públicos de emprego son mulleres (o 56%). O perfil máis común das paradas é o dunha muller de 40 a 44 anos que demanda un emprego no sector dos servizos e, en concreto, na rama da hostalaría. No caso dos homes teñen un peso moi significativo no paro os de 55 a 59 anos e, por sección de actividade económica, os que demandan un emprego na construción.

TÁBOA 24. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NO PARO REXISTRADO

Paro rexistrado	Conceptos máis frecuentes	% sobre o total	Data
Sexo	Muller	56,0 %	Decembro de 2017
Grupo de idade	Entre 55 e 59 anos	14,4 %	Decembro de 2017
Sector económico	Servizos	66,2 %	Decembro de 2017
Actividade económica	Comercio	13,9 %	Decembro de 2017
Grupo de ocupación	Servizos de restauración e comercio	19,0 %	Decembro de 2017
Estudios rematados	Ata certificado de escolaridade	42,2 %	Decembro de 2017
Duración da demanda	Menos de seis meses	41,2 %	Decembro de 2017

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Entre xaneiro e decembro de 2017, a Xunta de Galicia rexistrou 205 procedementos de regulación de emprego que afectaron a 2.757 persoas. As suspensións de contrato concentraron o maior número de persoas afectadas (o 70,0%), seguidas dos despedimentos (20,0%) e das reducións de xornada (9,7%).

TÁBOA 25. REGULACIÓNS DE EMPREGO PRESENTADAS E PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR TIPO DE MEDIDA

	Nº ERE	%	Nº persoas	%
Despedimentos colectivos	40	19,5%	557	20,2%
Suspensión de contratos	97	47,3%	1.931	70,0%
Reducións de xornada	68	33,2%	269	9,7%
Total	205	100%	2.757	100%

Fonte: acumulado xaneiro-dicembro 2017

En relación co mesmo período de 2016, diminuíron un 51,6% os procedementos presentados e un 54,6% o volume de persoas afectadas.

Existe, non obstante, un dato preocupante: os despedimentos seguen aumentando na industria (pasan de 9 a 14) e na pesca (de 2 a 3), aínda que o total de persoas afectadas se reduce na industria mentres que na pesca pasan de 11 a 23 os traballadores e traballadoras despedidos.

Non obstante, non debe esquecerse que os despedimentos colectivos representan só unha parte minoritaria das extincións da relación laboral ocorridas cada ano. O mecanismo máis utilizado polas empresas é a finalización de contratos temporais, seguido polos despedimentos individuais. Os despedimentos colectivos serían a terceira vía de saída máis utilizada do mercado laboral.

Presentáronse 7 procedementos de regulación de emprego de ámbito autonómico. Pontevedra é a provincia que rexistra máis procedementos con 112.

Das 205 regulacións de emprego presentadas, 164 foron pactadas coa representación legal dos traballadores e traballadoras, 21 non se pactaron e 20 non tiveron período de consultas.

TÁBOA 26. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR REGULACIÓN DE EMPREGO, SECTOR E TIPO DE MEDIDA

	Despedimentos colectivos		Suspensións de contratos		Reducións de xornada		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Pesca	23	4,1%	193	9,9%	0	—	216	7,8%
Industria	260	46,7%	1.170	60,6%	57	21,2%	1.487	53,9%
Construción	63	11,3%	116	6,0%	39	14,5%	218	7,9%
Servizos	211	37,9%	452	23,4%	173	64,3%	836	30,3%

Fonte: xaneiro-dicembro 2017

Ao 70% das persoas afectadas por ERE suspendéronlles o contrato, a un 20,2% despedíronas e ao 9,7% restante reducíronlles a xornada.

Da análise do uso que cada sector fai das medidas de regulación de emprego, conclúese que durante 2017 a suspensión de contratos é o procedemento que afecta a un maior número de traballadores e traballadoras en todos os sectores: 90,2% na pesca, 78,7% na industria, 53,2% na construción e 54,01% nos servizos.

En valores absolutos, a industria xunta o maior número de traballadores/as afectados por despedimentos colectivos (260) e por suspensións de contratos (1.170), mentres que o sector dos servizos é o que ten máis persoas atanguidas por reducións de xornada (173).

Hai 183 persoas afectadas por procedementos de ámbito autonómico. A provincia con máis traballadores e traballadoras afectados é Pontevedra con 1.658.

TÁBOA 27. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR TIPO DE MEDIDA E SEXO

	Mulleres	%	Homes	%
Despedimentos colectivos	270	27,8%	287	16,0%
Suspensión de contratos	562	57,9%	1.369	76,6%
Reducións de xornada	137	14,1%	132	7,4%
Totais	969	100%	1.788	100%

Fonte: xaneiro-décembro 2017

30

Do estudo do uso que se fai das medidas de regulación de emprego en función das persoas ás que se aplican, obtemos que durante 2017 os homes están máis afectados por despedimentos e suspensións de contratos e, pola contra, as reducións de xornada afectan máis as mulleres.

Analizando por separado cada sexo, comprobamos que, proporcionalmente, entre as mulleres atanguidas por regulacións de emprego teñen un maior peso os despedimentos e as reducións de xornada que entre os homes afectados e, pola contra, un menor peso as suspensións.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

OS EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

En novembro de 2017 estaban rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego 170.729 persoas paradas con experiencia laboral, e só o 53,7% percibían unha prestación por desemprego. Esa taxa (nº beneficiarias prestacións desemprego/nº paradas con experiencia laboral) aumentou en 1,2 puntos porcentuais no último ano pero queda moi lonxe do 73,7% de cobertura alcanzado en novembro de 2009.

A cobertura do sistema de protección por desemprego durante o mes de novembro de 2017 foi do 59,4% nos homes e do 49,2% nas mulleres.

TÁBOA 28. TAXA DE COBERTURA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Novembro	Parados/as con experiencia laboral	Prestacións por desemprego	Taxa de cobertura
2007	129.287	81.860	63,3 %
2008	157.222	109.288	69,5 %
2009	193.001	142.277	73,7 %
2010	203.326	148.754	73,2 %
2011	225.390	152.414	67,6 %
2012	252.842	161.565	63,9 %
2013	248.941	150.076	60,3 %
2014	228.312	128.451	56,3 %
2015	206.706	110.815	53,6 %
2016	186.803	98.059	52,5 %
2017	170.729	91.607	53,7 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

O número de persoas paradas con experiencia laboral reduciuse un 11,5% desde novembro de 2009 e o número de prestacións por desemprego, un 35,6%. Na caída da taxa de cobertura influíron, entre outras razóns, que moita xente esgotou as prestacións por desemprego, os recortes no sistema de protección do ano 2012 e o aumento da precariedade (demasiados postos de traballo temporais, xornadas parciais, contratos de curta duración, etc.) que dificulta reunir o período de cotización esixido para entrar no sistema de protección.

Outro indicador para avaliar o sistema de protección por desemprego é a calidade das prestacións, en función do tipo e da contía.

TÁBOA 29. PESO DA CLASE DE PRESTACIÓN
SOBRE O TOTAL DAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

Novembro	Contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activación para o emprego
2011	52,7%	40,0%	7,3%	—
2012	52,4%	40,2%	7,4%	—
2013	48,8%	42,7%	8,5%	—
2014	43,5%	46,2%	10,3%	—
2015	40,9%	47,6%	10,7%	0,8%
2016	41,3%	46,5%	11,4%	0,7%
2017	42,3%	44,3%	10,7%	2,6%

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Desde o ano 2014 (tómase como referencia o mes de novembro) teñen máis peso os subsidios de desemprego ca as prestacións contributivas (estas son as de maior contía). En novembro de 2017 (último dato dispoñible), o 42,3% das prestacións por desemprego eran contributivas e o 44,3%, subsidios por desemprego.

En novembro de 2017, cobraban unha prestación por desemprego 91.607 persoas: 40.592 percibían un subsidio por desemprego (o 44,3% do total das prestacións), 38.795 contributivas (o 42,3%), 9.805 a renda activa de inserción (10,7%) e 2.415 correspondían ao programa de activación para o emprego (2,6%).

En comparación con novembro do ano 2012 —cando se alcanzou a cifra máis elevada de prestacións por desemprego da serie analizada—, as prestacións que máis se reduciron foron as contributivas: un 54,2%. Os subsidios por desemprego diminuíron un 37,4% e a renda activa de inserción (RAI), un 18,3%.

Pola contra, en novembro de 2017 beneficiábanse 2.415 persoas da axuda que acompaña o programa de activación de emprego, 1.702 máis ca no mesmo mes de 2016. A partir do pasado mes de xuño empezaron a notarse os efectos da prórroga, co incremento do número de beneficiarios.

TÁBOA 30. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO SEGUNDO A CLASE

Novembro	Contributiva	Subsidio	RAI	Programa activación para o emprego	Total
2011	80.332	61.021	11.061	—	152.414
2012	84.679	64.889	11.997	—	161.565
2013	73.291	64.060	12.725	—	150.076
2014	55.911	59.308	13.232	—	128.451
2015	45.279	52.757	11.839	940	110.815
2016	40.535	45.630	11.181	713	98.059
2017	38.795	40.592	9.805	2.415	91.607

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

A contía dos subsidios por desemprego, da RAI e do Programa de activación para o emprego é duns 430 euros mensuais. O 58% de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego en novembro de 2017 recibían algunha destas tres.

Polo tanto, as prestacións contributivas no dito mes só chegaban ao 42% das persoas protexidas polo sistema. A contía desta prestación varía en función da base reguladora do traballador/a (os 180 primeiros días de prestación cóbrase o 70% da base reguladora e a partir do 181, o 50%). No ano 2012, o Goberno recortou considerablemente a cantidade desta prestación a partir do día 181, xa que antes da reforma percibíase o 60% da base reguladora.

A contía media mensual da prestación contributiva en Galicia era de 782,4 euros en novembro de 2017; é 36,5 euros inferior á da media estatal (en novembro de 2012, esa diferenza era de 45,7 euros). En comparación con hai cinco anos, reduciuse un 4,2% na nosa comunidade e un 5,0% na media estatal.

TÁBOA 31. CONTÍA MEDIA DAS PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS POR DESEMPREGO

Novembro	Galicia	España
2011	823,5	860,7
2012	816,5	862,2
2013	784,2	828,2
2014	773,8	809,5
2015	775,2	807,5
2016	779,2	810,6
2017	782,4	818,9

Fonte: elaboración propia con datos do SEPE. Datos en €/mes

O gasto en prestacións por desemprego diminuíu moito a partir do ano 2012. En novembro dese ano achegouse unha dotación económica de 145.324.000 euros para esta finalidade e, cinco anos máis tarde, baixaba ata os 73.078.000 euros. Nese intervalo, redúcese máis o gasto destinado á protección por desemprego (-49,7%) que o número de persoas paradas con experiencia laboral (-32,5%).

TÁBOA 32. GASTO EN PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO

Novembro	Contributiva	Subsidio	RAI	Programa activación para o emprego	Total
2011	101.302	31.673	4.753	—	137.728
2012	107.811	32.382	5.131	—	145.324
2013	90.962	31.399	5.347	—	127.708
2014	69.208	28.794	5.515	—	103.517
2015	55.991	25.760	5.027	422	87.200
2016	50.317	22.582	4.675	316	77.891
2017	47.477	20.418	4.215	968	73.078

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos expresados en miles de euros

O recorte do gasto en prestacións por desemprego orixínase nun sistema de protección que non estaba preparado para unha crise tan profunda e longa, ao que hai que lle sumar os recortes executados polo Goberno e que non se viron paliados coa creación do Programa de activación para o emprego.

Canto ao tipo de prestacións, as contributivas experimentaron a maior redución do gasto, un 56,0% desde novembro de 2012. O gasto en subsidios por desemprego baixou un 36,9% en comparación con hai cinco anos e o da RAI, un 17,9%.

En 2017 segue caendo o gasto en protección por desemprego (un 6,2% en novembro en relación co mesmo mes do ano anterior). Agás no programa de activación para o emprego, o gasto continúa descendendo en todas as modalidades de prestacións, aínda que en maior proporción na RAI (-9,8%) e no subsidio de desemprego (-9,6%).

O número de persoas beneficiarias do programa de activación para o emprego non é moi alto (2.415 o pasado mes de novembro) pero aumentou de xeito significativo tras a prórroga do mes de abril. En comparación con hai un ano, o gasto da prestación subiu un 206,3%.

Dos datos recollidos no táboa 33, conclúese que o 51,4% das persoas beneficiarias de prestacións por desemprego o pasado mes de novembro eran mulleres e o restante 48,6%, homes.

TÁBOA 33. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO, SEXO E IDADE

Novembro 2017	Prestación contributiva	Subsidio	RAI	Programa activación para o emprego	Total
Sexo					
Homes	18.090	20.549	4.869	1.005	44.513
Mulleres	20.705	20.043	4.936	1.410	47.094
Ambos os sexos	38.795	40.592	9.805	2.415	91.607
Idade					
16-19 anos	45	96	13	0	154
20-24 anos	1.583	886	78	12	2.559
25-29 anos	4.449	1.757	110	81	6.397
30-34 anos	5.702	2.603	195	216	8.716
35-39 anos	6.357	3.530	282	334	10.503
40-44 anos	6.032	4.076	336	426	10.870
45-49 anos	4.724	3.181	3.287	400	11.592
50-54 anos	3.766	3.230	3.127	537	10.660
55-59 anos	3.337	10.040	1.660	304	15.341
60 ou máis anos	2.800	11.193	717	105	14.815

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Hai máis homes (o 50,6%) ca mulleres percibindo o subsidio por desemprego. Pola contra, as mulleres son maioría na percepción da RAI, a prestación contributiva e, sobre todo, o programa de activación para o emprego (perciben o 58,4 % deste tipo de prestación).

Outra diferenza segundo o sexo é que entre os homes beneficiarios de prestacións por desemprego hai máis percibindo un subsidio de desemprego (46,2 %) ca unha contributiva (40,6 %). Pola contra, nas mulleres teñen máis peso as prestacións contributivas (44,0%) ca os subsidios por desemprego (42,6%).

Ao analizar a distribución das prestacións por grupo de idade e tipo de prestación (novembro de 2017) aprécianse diferenzas moi marcadas. As prestacións contributivas representaron o 66,7% do total das prestacións percibidas por menores de 30 anos; o 60,1% nas persoas de 30 a 44 anos e só o 27,9% para as persoas de 45 ou máis anos.

O 52,3% das persoas que percibiron subsidios de desemprego nese mes tiñan 55 ou máis anos e máis da metade eran homes.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

No ano 2017 creouse emprego en Galicia por terceiro ano consecutivo e seguiu baixando o paro. Non obstante, dada a evolución dos indicadores laborais nese ano é pouco probable que o mercado laboral galego vaia a mellor. Esta previsión susténtase nos seguintes aspectos negativos:

- Desacelerouse moito a creación de emprego: en Galicia só medrou en 6.200 persoas nos últimos doce meses.
- A taxa anual creación de emprego en Galicia (0,59 %) segue sendo inferior á media estatal (2,65 %).
- A ocupación recupérase máis devagar que a actividade económica: a economía galega mantén taxas de variación interanual iguais ou superiores ao 3 % desde o cuarto trimestre de 2015 pero o emprego só medrou nun 0,59 % no último ano.
- A recuperación do emprego está condicionada pola precariedade: hai moita xente traballando a xornada parcial (13,1 %) e non por vontade propia (58 %); subiu a taxa de temporalidade ata o 26,8 %; a rotación das persoas con contrato temporal é esaxerada (cada persoa asinou 4,2 contratos temporais), e máis da metade dos contratos temporais iniciais de duración determinada son inferiores a unha semana.
- A poboación activa retrocedeu moito tras permanecer case estancada no 2016: 15.900 persoas activas menos nos últimos doce meses. Esa caída explica ata un 72 % do descenso do paro.
- Baixou máis o paro do que medrou o emprego, así que non todas as persoas que deixaron de figurar como paradas atoparon un posto de traballo. Amais, o paro de longa duración segue sendo avultadísimo: o 47,5 % das persoas paradas.
- A protección por desemprego segue en mínimos. En novembro de 2017, o 46,3 % das persoas paradas con experiencia laboral carecía de prestación por desemprego e o 44 % das que si a perciben cobran un subsidio por desemprego.
- En 66.100 fogares, todos os seus membros activos están en desemprego e en 32.600 fogares non entra ningún tipo de ingreso, o que dá unha idea da situación extrema que se está a vivir en moitos fogares.





OFICINA DE EMPREGO

FOLGA XE

CRISE



comisiones obreiras